



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Outubro 2017

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Outubro 2017

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminuíu en Galicia un 2,2% en outubro de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, taxa un punto inferior á de España (-1,2%).
- Por produtos, a Alimentación rexistra un descenso nas vendas do 1,0% e o Resto de produtos do 4,0%.
- En tres comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas. Galicia ocupa a quinta posición entre as comunidades con maior descenso.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes diminúe un 0,8% no mes de outubro de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, mentres que aumenta un 0,4% no conxunto de España.
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,3% en Galicia e o 1,5% no conxunto do Estado.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a ocupación no mes de outubro. Galicia ocupa a oitava posición entre as comunidades con menor crecemento.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Outubro 2017

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	89,5	-2,2	1,8
Xeral sen estacións de servizo	87,0	-3,0	1,5
Alimentación	88,2	-1,0	0,3
Resto	85,8	-4,0	2,8



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un descenso do 2,2% no mes de outubro. A nivel nacional o índice rexistra unha taxa do -1,2%.


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe o 3,0% respecto a outubro de 2016. Desagregando por produtos:

- A Alimentación minora as súas vendas un 1,0% e resta 0,4 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas na Alimentación mantéñense estables (0,0%).
- O Resto de produtos presenta unha taxa do -4,0% e resta 2,6 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional as vendas baixan o 2,5%.

No que vai de ano, as vendas incrementáronse un 1,8% en Galicia e un 1,0% en España. Desagregando por produtos, as vendas en Alimentación aumentaron máis en España (2,1%) que en Galicia (0,3%) mentres que no Resto creceron máis as vendas en Galicia (2,8%) que a nivel nacional (0,7%).

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -1,6%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

Tres comunidades autónomas aumentan as súas vendas en outubro: Canarias (1,7%), Navarra (1,4%) e Illes Balears (1,0%). En Madrid as vendas mantéñense estables e no resto de comunidades diminúen.

Os maiores descenso rexístranse en Cataluña (-3,9%), Extremadura (-2,7%) e Aragón e País Vasco (ambas as dúas -2,4%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Outubro 2017

Taxas de variación en %



No que vai de ano, Canarias (3,1%) e Illes Balears (2,8%) rexistran os maiores incrementos mentres que en tres comunidades diminúen as vendas: Extremadura (-0,5%), Cataluña (-0,4%) e País Vasco (-0,2%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de outubro de 2017, un descenso do 0,8% en Galicia, mentres que en España aumenta un 0,4%.

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe en Galicia (-1,8%) e en España (-0,2%). Desagregando por produtos, en Galicia a Alimentación aumenta as vendas o 0,7%, 1,6 puntos

menos que en España (2,3%). O Resto de produtos rexistra un maior descenso das súas vendas en Galicia (-3,5%) que no conxunto de España (-2,1%).

No que vai de ano, o índice xeral aumenta un 4,5% en Galicia e o 3,4% en España. As vendas en Galicia incrementáronse na Alimentación un 1,6% e no Resto un 4,7%. No conxunto de España as vendas en Alimentación creceron un 3,3% e no Resto un 2,4%.

Índices de comercio polo miúdo. Outubro 2017				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes		Índice	Variacións (%)	
			Interanual	No que vai de ano
	Xeral	97,6	-0,8	4,5
	Xeral sen estacións de servizo	95,2	-1,8	3,6
	Alimentación	100,9	0,7	1,6
	Resto	91,2	-3,5	4,7

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 0,0%.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,3% no mes de outubro en Galicia, inferior ao do conxunto de España (1,5%).

No que vai de ano, a ocupación crece unha décima menos en Galicia (1,7%) que en España (1,8%).

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en outubro en todas as comunidades autónomas.

Os maiores incrementos danse en Canarias (3,9%), Asturias (3,5%) e Murcia (3,3%). En senso contrario, Cantabria (0,3%) e Castilla - La Mancha (0,4%) rexistran os menores crecementos.

No que vai de ano, os maiores crecementos danse en Canarias (5,0%) e Illes Balears (4,6%) e os menores en Castilla - La Mancha (0,6%) e Cantabria (0,9%).

Índice xeral de ocupación. Outubro 2017

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2010 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alquileres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

$${}_{10}I_{defl}^{m,t} = ({}_{10}I^{m,t} / {}_{10}IP^{m,t}) * 100$$

Onde

${}_{10}I_{defl}^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos constantes do mes m do ano t

${}_{10}I^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos correntes do mes m do ano t e

${}_{10}IP^{m,t}$ é o índice de prezos do mes m do ano t en base 2010

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2010, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2010

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Outubro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	97,6	-0,8	4,5	89,5	-2,2	1,8
Xeral sen estacións de servizo	95,2	-1,8	3,6	87,0	-3,0	1,5
Alimentación	100,9	0,7	1,6	88,2	-1,0	0,3
Resto	91,2	-3,5	4,7	85,8	-4,0	2,8
España						
Xeral	96,9	0,4	3,4	89,0	-1,2	1,0
Xeral sen estacións de servizo	96,8	-0,2	2,8	88,6	-1,6	1,0
Alimentación	108,4	2,3	3,3	94,6	0,0	2,1
Resto	89,0	-2,1	2,4	83,9	-2,5	0,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Outubro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	99,5	0,0	4,7	92,3	-1,6	2,1
Xeral sen estacións de servizo	96,9	-1,2	3,8	89,7	-2,6	1,9
Alimentación	103,5	1,6	2,0	90,7	-0,1	0,7
Resto	92,4	-3,1	5,0	89,2	-3,6	2,8
España						
Xeral	98,8	1,6	3,7	91,7	-0,1	1,3
Xeral sen estacións de servizo	99,1	1,2	3,1	91,0	-1,1	1,3
Alimentación	108,7	2,4	3,6	94,9	0,2	2,4
Resto	91,7	-1,2	2,6	87,8	-1,9	1,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Outubro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	96,9	0,4	3,4	89,0	-1,2	1,0
Andalucía	92,2	1,5	3,6	84,6	-0,3	1,2
Aragón	91,1	-1,2	3,5	84,0	-2,4	1,3
Asturias	89,9	0,5	3,0	83,0	-0,9	0,7
Balears, Illes	123,8	3,1	5,3	113,5	1,0	2,8
Canarias	108,4	3,7	5,3	103,0	1,7	3,1
Cantabria	95,4	0,1	2,7	86,8	-1,4	0,3
Castilla y León	94,4	0,6	3,4	86,4	-0,9	0,7
Castilla-La Mancha	93,2	1,6	3,9	85,5	-0,3	1,0
Cataluña	96,8	-2,0	2,3	87,2	-3,9	-0,4
Comunitat Valenciana	99,0	-0,2	3,2	91,3	-1,7	0,9
Extremadura	95,7	-1,6	1,6	88,5	-2,7	-0,5
GALICIA	97,6	-0,8	4,5	89,5	-2,2	1,8
Madrid	97,8	1,6	3,7	90,7	0,0	1,4
Murcia, Región de	90,0	0,7	3,1	82,9	-0,2	1,0
Navarra	103,0	2,2	4,4	96,2	1,4	2,5
País Vasco	93,9	-0,8	2,2	85,7	-2,4	-0,2
Rioja, La	98,9	0,7	5,2	90,2	-1,1	2,5
Ceuta	94,4	-1,3	1,0	88,8	-2,7	-1,2
Melilla	94,7	-2,3	0,4	89,6	-4,4	-2,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Outubro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	99,5	1,3	1,7
Xeral sen estacións de servizo	99,1	1,2	1,5
España			
Xeral	100,1	1,5	1,8
Xeral sen estacións de servizo	100,2	1,5	1,8

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Outubro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	100,1	1,5	1,8
Andalucía	94,6	0,9	1,0
Aragón	98,3	1,2	1,6
Asturias	96,9	3,5	2,8
Balears, Illes	113,7	2,8	4,6
Canarias	109,3	3,9	5,0
Cantabria	101,8	0,3	0,9
Castilla y León	99,7	1,0	1,3
Castilla-La Mancha	99,6	0,4	0,6
Cataluña	102,3	0,8	1,3
Comunitat Valenciana	103,3	1,8	2,1
Extremadura	101,8	1,8	1,8
GALICIA	99,5	1,3	1,7
Madrid	97,6	1,9	1,7
Murcia	97,2	3,3	2,5
Navarra	98,4	1,4	1,5
País Vasco	100,0	0,7	1,3
Rioja, La	103,3	1,9	2,0
Ceuta	103,7	2,3	1,1
Melilla	103,9	0,9	1,3

Fonte: INE